

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de abril de 2009

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día dous de abril de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(447).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBRE OS ÁMBITOS DE ACTUACIÓN DAS HUMANIZACIÓNS REALIZADAS CON CARGO AO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, do 31.03.09, que di o seguinte:

Con data 3 de decembro de 2008, entrou en vigor o Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se creou un Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a dinamización da Economía e o Emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender a súa financiación.

Posteriormente, con data 9 de decembro, o Secretario de Estado de Cooperación Territorial dictou resolución pola que se aprobaba o modelo para presentación de solicitudes, as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ao citado fondo.

A raíz da entrada en vigor do citado RD e da resolución, a Xunta de Goberno Local acordou, na sesión extraordinaria e urxente de data 19 de decembro de 2008, aprobar os ámbitos de actuación para a realización dos investimentos correspondentes á Área de Servizos Xerais no Fondo Estatal de Investimento local, para a dinamización da economía e emprego na cidade de Vigo, que ascendían a un importe total de 33.538.098.-€. En total, o FEIL autorizou 29 proxectos de investimento en humanizacións de rúas, según resolucións do secretario de Estado de Cooperación Territorial de datas 26 e 30 de decembro de 2008.

Con data 30 de marzo de 2009, tense recibido unha comunicación telefónica dende o Ministerio de Administracións Públicas nas que se solicita ao Concello de Vigo que se realice un novo acordo aclaratorio da denominación final de cada un destes 29 proxectos de humanización, xa que non lles resultan suficientemente identificativos á hora de revisar a documentación xustificativa aportada para o aboamento do 70% destes investimentos, como consecuencia da súa adxudicación definitiva.

Por este motivo, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA: “Que se modifique o apartado primeiro do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 19 de decembro de 2008, polo que se aprobaron os ámbitos de actuación para a realización dos investimentos correspondentes á Área de Servizos Xerais, no Fondo Estatal de Investimento Local, para a dinamización da Economía e Emprego na cidade de Vigo, por un importe total de 33.538.098.-€ (TRINTA E TRES MILLÓNS CINCOCENTOS TRINTA E OITO MIL NOVENTA E OITO EUROS), quedando definitivamente tal e como se relacionan no seguinte cadro adxunto

CONCEPTO	Orzamento
Humanización do ámbito da rúa Sevilla	2.218.934.-€
Humanización do ámbito da rúa Valencia	2.100.782.-€
Humanización do ámbito da rúa Zaragoza (entre Regueiro e Tarragona)	666.141.-€
Humanización do ámbito da rúa Islas Baleares	2.054.839.-€
Humanización do ámbito da rúa Islas Canarias	2.177.318.-€
Humanización do ámbito da rúa calle Faustino Álvarez	175.355,98€
Humanización do ámbito da rúa Urzáiz (entre Gran Vía e Gregorio Fernández)	1.828.250.-€.

<i>Humanización do ámbito da rúa Urzáiz (entre Gregorio Fernández e Gregorio Espino)</i>	1.721.750.-€
<i>Humanización da rúa Venezuela (entre Gran Vía e Camelias)</i>	407.500.-€
<i>Humanización da rúa Simón Bolívar (entre Venezuela e Ecuador)</i>	459.692.-€
<i>Humanización da rúa Sanjurjo Badía (entre Barrio Flores y García Barbón)</i>	1.862.500.-€
<i>Humanización da rúa Jesús Fernández</i>	330.000.-€
<i>Humanización da rúa Portela</i>	633.600.-€
<i>Humanización da rúa Badajoz</i>	280.499,99€
<i>Humanización da rúa José Antela Conde</i>	726.000.-€
<i>Humanización da rúa Andalucía</i>	273.000.-€
<i>Humanización da rúa Palencia</i>	896.500.-€
<i>Humanización da rúa Sagunto (entre Martínez Garrido e Palencia)</i>	704.000.-€
<i>Humanización da rúa Toledo</i>	643.500.-€
<i>Humanización do ámbito da rúa Balaídos</i>	1.369.080.-€
<i>Humanización do ámbito da rúa Alcalde Portanet</i>	1.356.500.-€
<i>Humanización da rúa Val Miñor</i>	225.399,99€
<i>Humanización da rúa Marín</i>	1.076.600.-€
<i>Humanización da rúa Redondela</i>	993.680.-€
<i>Humanización do ámbito da rúa Estrada</i>	1.281.680.-€
<i>Humanización do ámbito da rúa Bayona</i>	1.992.120.-€
<i>Humanización da rúa Torrecedeira (entre Plaza E. Fadrique e Severo Ochoa)</i>	1.371.940.-€
<i>Humanización da rúa Torrecedeira (entre Severo Ochoa e Santa Marta)</i>	2.374.265,99.-€
<i>Humanización da rúa Tomás A. Alonso (entre Pi y Margall e Plaza E. Fadrique)</i>	1.336.670.-€

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e nove minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.